



ANUNCIO polo que se fai público o acordo das respectivas Comisións de selección do proceso selectivo, polo sistema de concurso-oposición, para a cobertura de catro postos de Arquitectos/as, dous de Técnicos/as Xurídicos/as e dous de Administrativos/as, como persoal laboral fixo, no que se fixan as datas e lugar de realización dos exercicios da primeira fase do proceso

Por acordo das respectivas Comisións de Selección do proceso selectivo arriba indicado, faise pública a data, hora e lugar de celebración dos exercicios correspondentes á primeira fase do proceso selectivo (proba escrita de coñecementos), para a cobertura dos postos que se indican:

Postos de Arquitecto:

- Data e hora: 17 de novembro de 2025, ás 10:00 horas.
- Lugar: Escola Galega de Administración Pública (EGAP).- Rúa Madrid nº 2, planta baixa, aula nº 2 (Santiago de Compostela)

Postos de Técnico Xurídico:

- Data e hora: 20 de novembro de 2025, ás 10:00 horas.
- Lugar: Escola Galega de Administración Pública (EGAP).- Rúa Madrid nº 2, planta baixa, aula nº 2 (Santiago de Compostela)

Postos de Administrativo:

- Data e hora: 21 de novembro de 2025, ás 10:00 horas.
- Lugar: Escola Galega de Administración Pública (EGAP).- Rúa Madrid nº 2, planta baixa, aula nº 2 (Santiago de Compostela)

Os aspirantes deberán presentarse provistos do documento nacional de identidade ou documento acreditativo equivalente, e do material permitido, conforme ás bases da convocatoria.

A relación de aspirantes admitidos e excluídos está publicada na páxina web da sociedade (www.vivendapublica.gal) onde se publicarán as cualificacións dos exercicios, así como os sucesivos anuncios relativos ao desenvolvemento do proceso selectivo.

En relación coa solicitude do aspirante da quenda de persoas con discapacidade, D. José Manuel Bermúdez Rico, que solicitou que se adopten



para o exame as medidas de adaptación ao seu grao de discapacidade, consistentes na ampliación do tempo de duración do exame, a Comisión de Selección, á vista da documentación presentada polo aspirante, acreditativa do seu grao de discapacidade, acordou ampliar o tempo de duración da proba escrita de coñecementos para este aspirante no 25% do tempo previsto nas bases, polo que a duración do exame para este aspirante fíxase en 115 minutos.

En Santiago de Compostela a 24 de outubro de 2025

O Presidente das respectivas Comisións de Selección

Asdo. Ángel Rodríguez González